

COMO SE SOLICITA O USO DA CASA XOHANA TORRES A TRAVÉS DO REXISTRO ELECTRÓNICO COMÚN REDSARA?


<https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>



PASO 1º

INDICA QUEN PRESENTA O TRÁMITE E O MÉTODO DE IDENTIFICACIÓN


- **SELECCIONA:**
 - “Interesado” se vas realizar a solicitude a título individual (no teu nome);
 - “Representante” se vas realizar a solicitude en nome dunha entidade ou asociación.
- A continuación elixe o método de identificación que dispós: cl@ve ou certificado dixital (neste último caso, aparecerá través do executable do propio Sistema Operativo ou do programa Autofirma -el certificado para que o selecciones).



PASO 2º

ACCESO AO REXISTRO

- **DATOS “Interesado” e/ou “representante”**
Aparece un formulario para encher con datos adicionais (tipo de vía, nome e número, teléfono, etc.). Os datos obrigatorios aparecen marcados cun *.
- **DATOS DA SOLICITUDE:** en buscador de organismos destinatario, selecciona: Local - Galicia - A Coruña - Concello de Santiago de Compostela (marca en “seleccionar”).
- **ASUNTO:** especifica **“Solicitude de uso da Casa Xohana Torres ao departamento de Igualdade”**.
- **EXPÓN:** indica o motivo e/ou actividade que se desexa realizar na Casa.
- **SOLICITA:** indica a data e o horario de uso previsto.
- **DOCUMENTOS ANEXOS:** anexa o formulario de solicitude da Casa cumprimentado (descargalo na páxina web ou solicítanolo por e-mail).
- **ALERTAS:** escribe un correo electrónico se desexas recibir alertas sobre o rexistro realizado.



PASO 3º

FIRMA A SOLICITUDE

- Para finalizar, deberás seleccionar o certificado instalado no teu equipo para asinar o rexistro. Debes escoller o mesmo co que accediches ao Rexistro. A firma pode tardar ata 2 minutos.
- Aparecerache a confirmación da presentación. Tes a posibilidade de descargala en pdf pulsando sobre a imaxe “PDF” que verás no apartado de “confirmación do rexistro”.
- Se marcaches a opción de recibir alertas no correo, chegarache unha confirmación.
- En 2-3 días confirmaremosche a solicitude.

